



MEMORIA ECONÓMICA E XUSTIFICATIVA PARA A SUSCRICIÓN DUN CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E O HUB DE CARÁCTER ESTRATÉXICO ASOCIACIÓN DIH DATALIFE PARA DAR CONTINUIDADE AO FINANCIAMENTO DOS CUSTOS DE XESTIÓN E COORDINACIÓN DO HUB DE INNOVACIÓN DIXITAL DATALIFE.

Primeiro.- Antecedentes

O Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) e Asociación DIH DATALIFE- HUB DE INNOVACIÓN DIXITAL DATALIFE, teñen interese en xuntar esforzos e poñer en común as súas sinerxías e experiencia en prol da innovación, modernización e transformación tecnolóxica que deberán constituír un inestimable incentivo ao crecemento económico da Comunidade Autónoma de Galicia.

IGAPE é o ente de dereito público, adscrito á Consellería de Economía e Industria, para o desenvolvemento económico de Galicia. A misión do IGAPE é a de apoiar todas as actividades que contribúan a mellorar o sistema produtivo galego, facilitando os procesos de creación, consolidación e crecemento empresarial.

Que DATALIFE, constituído o 31/10/2019, é unha asociación sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e con plena capacidade de obrar que ten como obxectivo fundamental impulsar o valor de Galicia como referente europeo en bioeconomía, saúde e sustentabilidade, incorporando, entre outros, a intelixencia artificial, a analítica de datos (big data), a conectividade avanzada e a ciberseguridade como tecnoloxías dixitais esenciais.

Segundo.- Necesidade, oportunidade e obxectivos perseguidos polo convenio

A Xunta de Galicia aposta polo emprendemento e a innovación como vía para mellorar a calidade de vida dos cidadáns de Galicia, como panca de eficiencia e de calidade da xestión autonómica, e como polo de xeración e atracción de actividades de alto valor engadido.

A Xunta de Galicia definiu a Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3 Galicia). Esta estratexia para a investigación e innovación en Galicia para o período 2021-2027 baséase no concepto de Especialización Intelixente. Este concepto refírese á necesidade de concentrar dun modo eficiente os recursos dispoñibles para a xeración e explotación do coñecemento no contexto rexional, ao servizo dun número concreto de prioridades vinculadas ás fortalezas e vantaxes competitivas da rexión.

A visión definida polo RIS3 Galicia concreouse en 3 RETOS; *modelo de xestión de recursos naturais e culturais baseados na innovación, modelo industrial baseado na competitividade e no coñecemento e modelo de vida saudable baseado no envellecemento activo da poboación*, e para abordalos definíronse as seguintes 3 PRIORIDADES; *sostibilidade, dixitalización e enfoque cara ás persoas*.

Establécense ademais como ámbitos de priorización; *desenvolvemento de competencias dixitais e educación dixital, fabricación avanzada e intelixente, redes intelixentes e flexibilidade e almacenamento enerxético* .





A Lei 9/2013, do 19 de decembro de 2013, de emprendemento e competitividade económica en Galicia, ten por obxecto, de acordo co establecido no seu artigo 1, a definición dun marco normativo específico na Comunidade Autónoma de Galicia que incentive a creación e implantación de empresas e o seu posterior desenvolvemento, a través da xeración de cultura emprendedora, a formación, a flexibilización dos trámites administrativos, a ampliación dos prazos de validez dos permisos e a introdución de instrumentos financeiros, servizos específicos ás persoas emprendedoras e incentivos fiscais.

A Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e a innovación en Galicia, dispón no seu artigo 2 que a mesma ten como obxectivo coordinar e potenciar os esforzos destinados a promover o coñecemento científico, contribuír eficazmente á consolidación da posición das empresas e institucións galegas no ámbito competitivo europeo e internacional, e posibilitar un cambio no modelo produtivo galego cara a outro centrado na innovación.

Terceiro.- Xustificación da utilización da figura do convenio

Segundo o establecido no artigo 47 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico de Sector Público pódense celebrar convenios entre a Administración Pública e suxeitos de dereito privado sempre que se persiga un fin común. Ademais, no artigo 48 desa mesma lei, establécese que os convenios deberán, entre outras cousas, facilitar a utilizacións conxunta de medios e servizos públicos e contribuír á realización de actividades de utilidade pública.

Neste sentido, e tomando en consideración os antecedentes, necesidades e oportunidades anteriormente descritos, ponse de manifesto a vantaxe da utilización dun convenio entre as partes que facilite a utilización dos espazos, servizos e medios dos que dispón a Xunta de Galicia por parte das entidades que pasen a formar parte do devandito convenio.

Coa posta a disposición destes medios públicos, preténdese o obxectivo de implantar, afianzar e impulsar a modernización e transformación dixital do tecido empresarial galego, e dun xeito particular, de aquelas empresas vinculadas a sectores manufactureiros.

Cuarto.- Obxecto e contido

O presente convenio ten por obxecto sentar as bases de colaboración entre o Igape e o Hub Asociación DIH DATALIFE - HUB DE INNOVACIÓN DIXITAL DATALIFE, o cal será o beneficiario da subvención para o financiamento dos custos de xestión e coordinación do Hub de innovación dixital.

A través deste convenio, IGAPE apoiará as actividades de xestión e coordinación do Hub Asociación DIH DATALIFE- HUB DE INNOVACIÓN DIXITAL DATALIFE na súa área de especialización concreta co obxectivo último de estender o impacto positivo da innovación baseada na transformación dixital a todas as empresas galegas, en especial ás pemes.

Co propósito de que DATALIFE sexa un hub referente en canto á facilidade de acceso ás tecnoloxías máis punteiras e para consolidar un ecosistema de innovación transversal, DATALIFE achega, entre outros, os seguintes recursos:





- a) Recursos humanos e económico-financeiros.
- b) Infraestruturas físicas adecuadas para as accións a desenvolver.
- c) Equipamento tecnolóxico e medios e servizos técnicos especializados para a realización de probas, análises e validación para o desenvolvemento dos produtos.
- d) Recursos de coñecemento.
- e) Servizos de asesoramento e apoio en materia de negocio, administración de empresas, financiamento, e comercialización entre outros.
- f) Xeración de networking.

Os obxectivos levaranse a cabo tendo en conta o seguinte plan de traballo estimado:

Obxectivo: Apoiar ao Hub para que ofrezca dúas tipoloxías de servizos ás pemes asociadas:

Atención directa á empresa

1. Asesoramento tecnolóxico

- Vixilancia tecnolóxica
- Diagnósticos de madurez dixital avanzados aliñados con metodoloxía europea (DMA Tool)
- Plans de dixitalización individualizados para empresas, baseados nos diagnósticos. Inclúense accións priorizadas, cos esforzos necesarios avaliados, potenciais provedores identificados e fontes de financiamento máis adecuadas
- Apoio á compra de tecnoloxías disruptivas aliñadas coas tecnoloxías de DATAlife. Sempre que a empresa teña un plan tecnolóxico vixente e fose revisado polo equipo de DATAlife.

2. Acceso a financiamento e a redes europeas

- Identificación e mapeo de fontes de financiamento
- Identificación de redes e proxectos europeos
- Apoio á entrada en consorcios

3. Estratexia e chegada a mercado

- Asesoramento en modelos de negocio e chegada a mercado
- Identificación de potenciais clientes e apoio para a inclusión en listas de provedores europeos
- Apoio en marketing e comunicación





Apoio á innovación dixital

1. Comunicación

Nova proposta no marco deste convenio: **evento anual que poña en valor o traballo de DATAlife e os seus socios no desenvolvemento e despreque da Intelixencia Artificial** nas empresas galegas, destacando fitos de innovación, experiencias das empresas que reciben os servizos do hub, así como outras iniciativas rexionais.

2. Políticas de dixitalización

- Apoio no deseño de convocatorias: revisión de borradores e adaptación a necesidades do ecosistema. Inclúe enquisas anonimizadas, webinars, etc.
- 1. Difusión de convocatorias abertas, matching con proxectos identificados nos servizos a empresas.
- 2. Servizo de consultoría para administración pública relacionados coa implementación de tecnoloxías disruptivas e resolución de retos, en particular os relacionados con datos (entre 100-200 horas por servizo).

3. Atracción de fondos públicos europeos e estatais

1. Asistencia a eventos europeos de relevancia para os proxectos detectados durante os servizos a empresas
2. Redacción de solicitudes europeas/estatais con empresas ou entidades públicas galegas no consorcio

En aras de optimizar os recursos dispostos, o plan de traballo presentado poderá ser modificado se as actividades non resultan eficaces ou eficientes a xuízo da Comisión de Seguimento e de común acordo entre os integrantes da mesma. Se non se adecuara o plan de traballo, poderase minorar a dotación do convenio na parte proporcional á actividade ineficaz ou ineficiente.

Quinto.- Financiamento

Para o funcionamento de DATALIFE habilítase o seguinte instrumento para o financiamento da entidade, acadando un orzamento de 525.000€, financiando o Igape a operativa do DATALIFE, con cargo a partida orzamentaria 09.A1.-561A-7810 dos seus orzamentos.





DISTRIBUCIÓN POR CONCEPTOS DE GASTO (€)				
	2025	2026	2027	TOTAL
Persoal	98.000	98.711	96.422	293.133
Servicios externos e subcontratacións	48.600	47.037	48.448	144.085
Equipamento/Material	5.000	5.150	5.305	15.455
Viaxes	3.000	3.090	3.183	9.273
Gastos Xerais	20.400	21.012	21.642	63.054
TOTAL	175.000	175.000	175.000	525.000

DATALIFE asignará medios e recursos internos e externos para o desenvolvemento do programa. A cofinanciación anual responderá as seguintes distribucións aproximadas:

	Custos DATALIFE estimados ano €	Custos subvencionados convenio lgape €	% cofinanciamento lgape	% cofinanciamento outras vías públicas e privadas
Custos de persoal	380.200	97.711	25,70%	74,46%
Servizos a empresas	194.600	48.028	24,70%	73,90%
Outras actuacións e estrutura	75.700	29.261	35,65%	64,20%
	650.500	175.000	26,90%	73,10%

Sexto.- Gastos e concepto subvencionables

Os conceptos subvencionables no marco deste convenio son os que se relacionan a continuación:

1. Custos de **persoal** na parte que corresponda ao tempo dedicado ao desenvolvemento das actividades do convenio. Dentro dos custos de persoal poderá incluírse persoal de nova contratación para a realización das actividades previstas no convenio.
2. **Equipamento e material** de nova adquisición. As licenzas e renovacións de licenzas de software atópanse dentro da categoría de material inventariable e considéranse gastos subvencionables se son de uso específico para as actividades previstas no convenio.
3. **Material funxible**. Poderanse imputar os gastos de materiais funxibles empregados directamente na execución das actividades obxecto do convenio.





Os gastos de material de oficina e consumibles informáticos non se financiarán neste concepto por ter a consideración de gastos xerais.

4. **Subcontratacións**, realizadas polo beneficiario con organismos de investigación, entidades ou empresas, precisas para o desenvolvemento das actividades cando as actuacións contratadas a terceiros supoñan a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto do mesmo.
5. **Servizos técnicos externos** necesarios para a realización das actividades previstas no convenio. Consideraranse servizos técnicos externos aquelas actividades prestadas por terceiros de forma puntual, tales como: estudos e actividades complementarias, consultorías, asistencia técnica e servizos equivalentes.
6. **Gastos xerais** considerados como tales aqueles gastos que pola súa natureza non se poden imputar de forma directa por non poder individualizarse. Estes gastos deberán ser imputados na parte que razoablemente corresponda, ata un máximo do 20% do custo da partida de persoal, de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realicen as actividades.

En ningún caso consideraranse gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

Sétimo. - Xustificación e pagamento

Para o pago de cada anualidade da cantidade prevista na cláusula terceira do Convenio, relativa á compensación de parte dos gastos operativos de DATALIFE, este deberá presentar a seguinte documentación:

- Solicitud de pago.
- As solicitudes de pago acompañaranse de;
 - Memoria técnica xustificativa de cumprimento das condicións establecidas no convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
 - Memoria económica xustificativa do custo das actividades, segundo o establecido no propio Convenio na súa cláusula sexta.

Os prazos de realización de gastos e pagamentos así como de xustificación dos mesmos ante o lgaape, responderá aos prazos establecidos na seguinte táboa:





Anualidade	2025	2026	2027
Axuda	175.000€	175.000€	175.000€
Período de realización gastos e pagos	Desde 01/01/2025 30/11/2025	01/12/2025 ata 30/11/2026	01/12/2026 ata 30/11/2027
Data límite presentación documentación xustificativa	05/12/2025	05/12/2026	05/12/2027

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

Patricia López Quintiá

Subdirectora de Innovación Empresarial.





ANEXO I

MODELO CADRO ORZAMENTO DESAGREGADO POR ACTIVIDADES E TIPOLOXÍA DE GASTO

CADRO XERAL

Costes subvencionados a través do convenio

DISTRIBUCIÓN POR CONCEPTOS DE GASTO (€)				
	2025	2026	2027	TOTAL
Persoal	98.000	98.711	96.422	293.133
Servicios externos e subcontratacións	48.600	47.037	48.448	144.085
Equipamento/Material	5.000	5.150	5.305	15.455
Viaxes	3.000	3.090	3.183	9.273
Gastos Xerais	20.400	21.012	21.642	63.054
TOTAL	175.000	175.000	175.000	525.000

Custos de persoal

	Salario anual (con pagas)	Seguridade Social	Medida dedicación	Total
Categoría A (6)	€ 510.130,61	€ 153.165,21	44,2%	€ 293.133,00

Nota: dúas persoas dentro do convenio de oficinas e despachos da provincia da Coruña, o resto fora de convenio.





Estrutura de costes anual estimada DATALIFE e % de cofinanciación

	Custos DATALIFE estimados ano €	Custos subvencionados convenio Igape €	% cofinanciamento Igape	% cofinanciamento outras vías públicas e privadas
Custos de persoal	380.200	97.711	25,70%	74,46%
Servizos a empresas	194.600	48.028	24,70%	73,90%
Outras actuacións e estrutura	75.700	29.261	35,65%	64,20%
	650.500	175.000	26,90%	73,10%





ANEXO II

MODELO CADRO ORZAMENTO DESAGREGADO POR TIPOLOXÍA DE GASTO PARA GASTOS RECORRENTES

Tipoloxía Actuación	Tipoloxía de gasto / gastos subvencionables	Importe convenio actual (25-27)	Importe convenio anterior (22-24)	Execución	Variación (Termos absolutos)	Variación (Termos %)	Motivación (variación de custos / novas necesidades)
Convenio IGAPE-DIH DATA LIFE	Persoal propio, servicios externos, equipamento, viaxes e gastos xerais	525.000,00 €	279.120,00 €	100%	245.880,00 €	46,8%	<p>Aumento do alcance dos servizos prestados que medran en número e profundidade respecto dos anteriores convenios.</p> <p>Cóbreanse novas necesidades, como a vixilancia tecnolóxica, os diagnósticos de madurez dixital, o apoio á compra de tecnoloxías disruptivas, o apoio para deseñar novas convocatorias de axudas o a consultoría para AA.PP relacionada coa implementación de tecnoloxías disruptivas, por mencionar algúns exemplos.</p> <p>O conxunto de servizos acordado implica un aumento parello do persoal e os recursos externos a empregar.</p> <p>De forma ilustrativa o persoal adicado pasa de 0,35 (dato para GAIN 2024) a 2,65 persoas equivalentes a tempo completo.</p>





ANEXO III

MODELO CADRO DE FITOS E OBXECTIVOS

Plan estratéxico	Actividade	Indicador	Fito
RIS3 Galicia 21-27	Prioridade 1; sostibilidade. Prioridade 2; dixitalización	<i>Segundo táboa adxunta seguinte páxina</i>	<i>Segundo táboa adxunta seguinte páxina</i>





1. INDICADORES DE OBXECTIVOS

Actividade	Indicador	Período	Unidade	Valor obxectivo
1. Xestión e coordinación	Asamblea Xeral	2025-2027	Asambleas	5
	Auditoría de contas	2025-2027	Informe auditoría	3
2. Comunicación	Notas de prensa	2025-2027	Notas prensa	30
	Campañas publicitarias (prensa, radio u online)	2025-2027	Campañas	6
	Publicacións online	2025-2027	Publicacións	75
	Evento IA en Galicia	2025-2027	Evento	3
3. Acceso a financiamento	Solicitudes europeas ou estatais con PEMEs ou entidades públicas galegas no consorcio	2025-2027	Solicitudes	6
	Apoio no deseño de convocatorias e na súa difusión	2025-2027	Convocatorias	9
	Asistencia a eventos europeos	2025-2027	Eventos	3

2. INDICADORES DE SEGUIMIENTO DE RESULTADO E IMPACTO

Servizos	Entidades beneficiarias			Valor obxectivo
	PEMES	Grandes empresas	Outros	
Servizos en grupo				
Difusión convocatorias	60	10	10	80
Obradoiros Maduración de proxectos	60	10	10	80





Difusión tecnoloxías disruptivas	600	60	60	700
Servizos personalizados				
Asesoramento tecnolóxico	110	10	6	126
Inclusión en solicitudes fondos europeos ou estatais	4	1	1	6

